



## **POLÍTICA DO SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN.**

CDR O VISO – CENTRO DE DÍA LODOSELO

Somos unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de Utilidade pública. Unha obra comunitaria case tan fráxil e provisional coma os propios seres humanos que a conformamos. Que aprendemos no territorio, no día a día, a vivir na vulnerabilidade con serenidade e esperanza. E experimentamos que a atención ós demais no coidado mutuo produce unha satisfacción plena porque se asenta no amor, en dar valor á interdependencia e á forza do compartir e da solidariedade. Temos como misión "Acompañar á xente do medio rural limiao en procesos de desenvolvemento que asumen o desafío de facer medrar a toda a persoa e a todas as persoas". Levamos a cabo o noso traballo cunha estratexia de desenvolvemento integral dirixida á poboación máis vulnerable da comarca da Limia, a través de accións de carácter global, educativas, informativas, económicas, de formación e de emprego para que a comunidade permaneza no seu medio en mellores condicións e cunha maior calidade de vida.

As persoas beneficiarias do programa son o noso principal activo, por iso queremos que vexan en nós un servizo seguro que satisfaga todas a súas necesidades coa calidade requirida.

Para o CDR O VISO - CENTRO DE DÍA LODOSELO a calidade é un elemento primario de todos os seus servizos, sendo o pilar no que se fundamenta a organización e polo que se compromete coa:

- Xestión da calidade nos servizos prestado ás persoas beneficiarias.

- Atención e asesoramento ós seus familiares e persoas cuidadoras.
- Prevención de posibles erros nos servizos prestados
- Implicación da dirección e participación de todo o persoal implicado tanto laboral como persoas voluntarias.

A mellora continua de tódolos procesos que se desenvolven no CDR O VISO - CENTRO DE DÍA LODOSELO encamiñanse a conseguir unha ALTA CALIDADE nos nosos servizos, utilizando os nosos propios recursos ou sendo asesorados se é necesario por entidades externas competentes na materia.

Por todo elo pretendemos conseguir que:

1. Os nosos servizos cumpran tódolos requisitos legais e do cliente. Buscando sempre a satisfacción dos mesmos.
2. Implantar un sistema de calidade, de mellora continua do comportamento e a eficacia do sistema de xestión.
3. Formar e informar ó persoal laboral co fin de alcanzar un alto nivel de calidade, mediante a familiarización coa documentación do sistema de xestión da calidade.
4. A nosa organización cumpra sempre ca normativa vixente, tanto local, autonómica, estatal e europea.

A xerencia comprométese a proporcionar tódolos RECURSOS necesarios que se derivan deste sistema. Así mesmo proporcionará un marco de referencia para o establecemento e revisión do cumprimento dos Obxectivos de Calidade e do CDR O VISO - CENTRO DE DÍA LODOSELO e establecerá as medidas necesarias para asegurar que a política e o sistema de calidade, se implanten e sexan difundidas a todas as áreas da entidade, sexan entendidas, se revisen e se manteñan ó día, para o posterior desenvolvemento dos seus servizos.

A persoa responsable de Calidade do CDR O VISO - CENTRO DE DÍA LODOSELO é responsable de implantar, executar, asegurar a súa disposición pública e manter a política exposta no Sistema, tendo a liberdade organizativa para identificar os problemas de calidade e iniciar, recomendar e proporcionar solucións.

En Lodoselo (Ourense), a 2 de Xullo de 2024



A Dirección:

A handwritten signature in blue ink, written over a horizontal line.